# DOSSIER DE PRENSA

# Fan posible o Festival de Cans

## Patrocinan

Concello do Porriño

Estrella Galicia

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Faisge Fundación

galicia calidade

GADIS

con la financiación del GOBIERNO DE ESPAÑA
GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE · icaa

## Apoian

Rede de Dinamización Lingüística

LASAL cocinas

daveiga producción responsable

GRUPO DROMEDARIO

Nikos Galicia-Style

AC/E ACCIÓN CULTURAL ESPAÑOLA

IMPRENTA PAZ

QUADRALIA ecommerce · web

evenit INSPECCIÓN TÉCNICA DE EVENTOS

Deleite

Coucciro

## Apadriñan

GUMERJO SERVICIO OFICIAL

Quobis leading your IThernry

Grupo Godoy Maceira un mundo en pedra

Berma CERRAJERIA Y SEGURIDAD

## Colaboradoran

CANDAN ARTESANÍA GALEGA EN PEDRA

DIMILANO diseño & construcción

agag

crea ASOCIACIÓN DE DIRECTORES E REALIZADORES DE GALICIA

TALLERES VAQUERO

ORESTES COMUNICA

Círculo Recreativo O Porriño

Protección Civil Concello do Porriño

REALE SEGUROS O PORRIÑO - EL PINAR

aceroplus

ideArtestudio

fireoff seguridad contra incendios

Autocares IGLESIAS

IMAXSON

La Palomitera audiovisual

tía lola tienda infantil

O Rincón de Olga

Asanior

Bar Fortes Cans

Asociación de Veciños CASTELO - CANS

Panadería Pastelería argibay

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

vinte

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

vimeo

CARPAS Pontevedra

Nigrán

CARLIN

PAROLAS Eventos

I SEGURIDAD i3S Seguridad Privada

## Festival membro de

proxecta coordinadora galega de festivais de cinema

RÍAS BAIXAS FILM FEST

## Medios oficiais

RADIO GALEGA

radio 3

Siradio

# Índice

Primeiro a seguridade... 6
Cans que non paran.....7
Homenaxes..... 8
Xurados.... 10
Programación.... 14
Sección Oficial
Ficción e Animación... 18
Furacáns (Non Ficción)... 22
Novas Camadas... 24
Videoclips... 26
Seccións Paralelas
Extracáns... 28
Directrices... 30
Longametraxes... 31
Coloquios e encontros... 34
Homenaxe a Chano Piñeiro... 37
Lendo Cine... 38
A qué andas?... 39
Fillas e Fillos de Cans... 41
Cans Participa... 43
Música... 44
Exposicións.... 45
MiniCans... 46

NEREA BARROS
DARÍO GRANDINETTI
AITOR LUNA
GALICIA, 1921
UN TERRIBLE NAUFRAXIO
OCULTADO DURANTE DEMASIADO TEMPO
A ILLA DAS MENTIRAS
DIRIXIDA POR
PAULA CONS
#LaIslaDeLasMentiras

PROXECTO SENTA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
CeT

# Primeiro a seguridade

**Escudo protector sobre os maiores**. Non se proxectará en ningún jalpón de persoas maiores, nin levarán chimpíns, nin estarán no xurado dos veciños.

**Reducción de aforo e limitación de jalpóns**. Só funcionarán 4 espazos, o Cuberto de Chelo e os Baixos de Mari, Bugarín e Carlos, todos a metade de aforo, acollendo un máximo de 50 persoas, fronte as 110-120 de anteriores edicións. Non haberá rotación de jalpóns este ano. Cada persoa verá os bloques completos de proxeción na mesma sala. Son dous bloques dun máximo de 73 minutos, cun descanso dun mínimo de 60 minutos entre sesión e sesión. Como todas as actividades, será obrigatorio uso de mascarilla.

**Non haberá actuacións nocturnas nin festa no Torreiro**. Non haberá actuacións nocturnas nin festa no Torreiro. As actuacións e actividades serán todas sentadas e de pago: Amaro Ferreiro, Henrick Rover, coloquio Oliver Laxe, ou con inscripción previa no caso de acceso libre. O festival rematará todos os días ás 23,30 horas.

**Os chimpíns non estarán abertos ó público para uso colectivo**. Os chimpíns non estarán abertos ó público para uso colectivo. Só funcionarán en traxectos curtos, como procesións honoríficas, cun máximo de 4 persoas mais conductor, coa correspondente mascarilla.

**Creación de códigos QR nas entradas a concurso con votación do público** (curtas e videoclips), para votar desde o móbil e non usar bolígrafos nin papeis comúns.

**Limpieza, hixiene e desinfección**, e tempo para airear cada sala de proxeción, nos descansos de cada sesión. **Seguemento estricto de cada protocolo** aplicado ao funcionamento do festival en cada apartado

# Cans que non paran

Compiten na sección oficial do XVII Festival de Cans un total de **23 curtametraxes** e **15 videoclips**. Entra as películas proxectadas, haberá **15 estreas** e 10 estreas en Galicia.

Créase un gran espazo central no estival, o **Espazo Estrella Galicia** da Leira do Río, onde terá lugar a Noite das Veciñas e veciños, a actuación de Amaro Ferreiro e a Noite das homenaxes o venres 4, e o coloquio de Oliver Laxe, os encontros cos curtametraxistas e a actuación de Henrik Rover e a entrega de premios o sábado, 5.

Créanse **dúas novas seccións**, unha delas competitiva, a adicada as realizadoras e realizadores mais novos, **"Novas Camadas"**, e tamén **"Directrices"**, na que se proxectarán obras de actrices e actores que deron o salto á dirección, como Antonio Mourelos, Marta Larralde ou Fernando Tato.

**O Festival adicará a premios este ano máis de 10.000 euros.** Os creadores e creadoras, dende as profesionais más novas ás máis expertas, son e serán sempre a nosa prioridade.

**Cans trae a Galicia a exposición Fóra de Escena do artista porriñés Rubén de Marina**, que ata o de agora só se puidera en Madrid. Estará todo o mes de Setembro no Centro Cultural.

***A illa das mentiras***, de **Paula Cons**, proxéctase por primeira vez na gran pantalla. Tamén exhibiremos as longametraxes ***Arima*** de Jaione Camborda, e ***Emma***, de Area Erina

No ano no que se cumpren **25 anos do falecemento de Chano Piñeiro**, homenaxeámolo.É a súa edición. E coincide, ademais, coa presenza do director galego que conseguiu maiores éxitos internacionais: **Óliver Laxe**.

Por vez primeira os encontros e coloquios serán retransmitidos en directo en **streaming**.

# Homenaxes

## Premio Pedigree' 20
## Manane Rodríguez

**Manane Rodríguez** converterase nesta edición na primeira directora que recibirá o galardón de honra do Festival de Cans, o Premio Pedigree. Nacida no Uruguai na metade dos 70, é unha fundadoras da produtora Xamalú Filmes. Dirixiu catro películas de ficción que a retratan como unha cineasta feminista valente, comprometida e activista, cunha obra caracterizada polo rescate da memoria e pola resistencia. No seu currículo destacan o Premio Ópera Prima no Festival de Peñíscola (por *Retrato de una mujer con hombre al fondo*, 1996) e unha Mención Especial do Xurado da Prensa Internacional da Seminci de Valladolid (por *Los pasos perdidos*, 2001). En 2016, foi elixida para representar a Uruguai nos Premios Oscar coa produción galego-uruguaia *Migas de Pan*.

## Chimpíns de Prata 'Pepe Puime'

# Mariana Fernández

**Mariana Fernández**. Aínda que coñecida para o gran público polo seu personaxe de Maribel no popular *Show dos Tonechos*, Mariana Fernández (tamén Mariana Carballal) ten unha carreira relevante como directora (*Libro de familia)* e actriz: case 20 películas con realizadores da talla de Almodóvar, Gracia Querejeta ou Xabier Villaverde. Coma docente impulsa desde a Universidade de Vigo o 'Proxecto Orballo'sobre os roles impostos ás mulleres no cinema e na televisión, na que colabora estreitamente co Festival de Cans.

# Merchi Sánchez

**Merchi Sánchez**. Hai oito anos xa que a nosa veciña e enfermeira Merchi Sánchez tivo a feliz iniciativa de crear un grupo médico de voluntarios para atender os participantes e visitantes do festival. Botando man de amigas e amigos, cambiando as súas quendas no traballo e roubándolle horas ao sono, Merchi logrou armar un equipo, coordinado por ela, de tres médicas e médicos e catro enfermeiras e enfermeiro.





## Chimpíns de Prata 'Premio Divina Campos'

# Covadonga Carrasco + Juan Creus

Desde o seu estudio CREUSeCARRASCO, Juan Creus e Covadonga Carrasco medraron ata ser considerados nos últimos anos como dous dos arquitectos máis prestixiosos de Galicia. Avalados por relevantes galardóns como o Premio Galego de Arquitectura ou o Premio Juana de Vega, Creus e Carrasco coñeceron un día o Festival de Cans e desde entón son un referente á hora de analizar os espazos do festival (os jalpóns de proxeccións) en relación co territorio e a contorna da nosa aldea, ben como coordinadores da idea 'Cans Proxecta', ben como comisarios da mostra 'Ducia de Cans' ou ben asinando reflexións sobre o Festival de Cans en publicacións internacionais de prestixio.

# Xurados

## FICCIÓN / ANIMACIÓN

**ANDREA VÁZQUEZ**, produtora e realizadora. Fundou en 2006 a súa propia produtora, Miramemira, coa que desenvolveu proxectos relacionados coa videocreación, a danza ou a fotografía. Logo de producir a multipremiada *O que arde*, de Oliver Laxe, na actualidade traballa na súa segunda longametraxe como produtora, *San Simón*, do director Miguel A. Delgado.

**MILO TABOADA**, actor. Foi socio fundador da sala de espectáculos e microteatro La Tuerka 27, un referente cultural na Coruña. Deu o salto ao cine en 2006 con *El laberinto del Fauno*, de Guillermo del Toro, ganadora de tres Oscar. Participou en series como *Matalobos*, *Fariña* e *Criminal* e *Hache*, e en películas como *Dhogs*, *Elisa e Marcela* ou *A illa das mentiras*.



**JULIO FEO**, xornalista e crítico de cine. Nacido en Madrid pero residente en París desde mediados dos 70, é unha institución da crítica cinematográfica en Francia. Leva décadas cubrindo como crítico os festivais de cine máis prestixiosos do mundo, como Cannes, La Habana, Mar de Plata ou San Sebastián. Neste último presenta tamén a sección adicada ao cinema latinoamericano 'Horizontes Latinos'.

**PAULA CONS**, directora. Creou e dirixiu programas de televisión antes entrar na ficción con I*deas peregrinas*, gañadora do Concurso Internacional de Guión Camiño do Xacobeo 2004. No seu currículo destacan títulos como *Eduardo Barreiros, el Henry Ford español*, *La batalla desconocida* e *Oro negro*. Volve a Cans para estrear en salas o seu último filme, *A illa das mentiras*, que presentou o ano pasado na sección 'Fill@s de Cans'.

**DANIEL FROIZ**, productor. O pontevedrés Daniel Froiz montou en 2005 a súa productora Matriuska Producciones coa que aposta polo talento de novos creadores e o cinema de autor. Do seu selo saíron películas como *Las altas presiones* e *A estación violenta*. Na actualidade está metido na produción e desenvolvemento de dúas longas de ficción: *Honeymoon*, de Enrique Otero, e *Algo parecido a la felicidad*, de Álvaro Gago.

# Xurados

## FURACÁNS + NOVAS CAMADAS

**JAIONE CAMBORDA**, directora e guionista. Cunha ampla traxectoria como curtametraxista, a vasca residente en Galicia Jaione Camborda filmou este ano a súa primeira longametraxe, Arima, Premio á Mellor dirección na sección 'Nuevas Olas' do Festival de Sevilla. Tamén ten un completo currículo como guionista (*Os fenómenos*, *Ons*), directora de arte e mesmo produtora na compañía que fundou, Esnatu Filmes.

**JULIA JUÁNIZ**, montadora e directora. A navarra Julia Juániz é unha institución no cinema español. Montadora de máis de 50 longametraxes, traballou con Basilio Martín Patino, Víctor Erice ou Carlos Saura, con quen montou oito películas, entre elas Goya en Burdeos, pola que foi seleccionada nos Goya. En 2005 acadou o Premio do Círculo de Críticos Cinematográficos pola montaxe de *El cielo gira*, de Mercedes Álvarez. É membro da Academia Española de Cine e da Academia de Cine Europeo.



**ÁNGEL SANTOS**, crítico e realizador. Licenciado en Historia da Arte, Ángel Santos (Marín, 1976) estudou no Centre d'Estudis Cinematográfics de Catalunya (CECC). Desde 2002 alterna curtas e longas, ficción e ensaio documental (*O Cazador*, *Fantasmas#1*, *Fantasmas#2*, *Adolescentes*). *Las altas presiones*, segunda das súas longametraxes, estreouse no Festival Internacional de Busan (BIFF, Corea do Sur) e no Festival de Cine Europeo de Sevilla (SEFF) onde obtivo o Premio Nuevas Olas ao mellor filme europeo. É co fundador de Novos Cinemas, Festival Internacional de Cinema de Pontevedra, no que exerceu director artístico ata este mesmo ano.

# Xurados

## VIDEOCLIPS

**FERNANDO NEIRA**, xornalista e crítico musical. Colaborador do xornal El País desde mediados dos 90. Fernando Neira é un dos máis reputados críticos e cronistas musicais españois, responsable tamén da sección musical do programa Hoy por Hoy, da Cadena Ser, e da comunicación da Fundación AISGE.



**ISABEL F. REVIRIEGO, ARIES**, compositora, produtora e artista gráfica. Despois de pasar por coñecidas bandas como Charades, a bilbaína Isa F. Reviriego instálase en Vigo, onde se reinventa co pop vibrante de Aries, que compaxina cos seus traballos como artista gráfica, escritora e compositora de son para videoxogos como 5 (Playstation 2018).

**PABLO PORTERO**, guionista e director. O ferrolán é autor, xunto a Fernández Rego, do libro *Galicia en clips* (Volta Editores, 2012), e tamén realizador de videoclips, documentais e spots. Foi xefe de programación da sección 'Videoclips Galicia' no Curtocircuíto e director dos ciclos Ferrol de Cine. Na actualidade traballa no proxecto dun documental sobre o videoclip en Galicia.

# Xurados

## XURADO DOS VECIÑOS

**MARIBEL RODRÍGUEZ**, Maribel do Barbado. Maribel é unha taberneira que segue a tradición familiar dos seus pais, quen rexentaron o histórico Bar Barbado. Ten 50 anos e naceu e criouse no Barrio dos Eidos.

**PLÁCIDO NOVAS**. Empresario da construción, de 53 anos, Plácido é quen lle fai as obras na casa a media aldea. Representa ao barrio do Sabiás.

**ROSA BERNÁRDEZ**, Rosa de Xano. Monitora de autoescola, ten 51 anos e ademais é a coordinadora habitual das pequenas e pequenos do festival. Representa ao barrio do Paínzal.

**YAGO DACOSTA.** Yago é esta edición o benxamín do xurado: 15 anos, aínda que colabora co festival desde moi pequeno. Vai comezar a estudar comercio e vive no barrio da Adroza.

**MIRIAM BUGARÍN**, Miri. Miriam ten 38 anos, é enfermeira e representa ao Barrio das Sequeiras, onde vive.

# Programa

## MARTES 1 de SETEMBRO

**20 PM.** Centro Cultural. Traseira do Centro Cultural.
**Inauguración Exposición de Rubén de Marina**.

**20.30 PM**
**Visita guiada + actuación Noemí Fernández.**

## MÉRCORES 2 de SETEMBRO

**10.30 AM.** Casa de Boente. Rúa principal de Cans.
**Inauguración Rúa Efímera Chano Piñeiro**, como homenaxe ó cineasta, coincidindo cos 25 anos do seu falecemento.

**11AM.** Baixo de Carlos.
**Coloquios Fundación AISGE**. "**Chano Piñeiro, descubridor de actrices e actores**".
Coa presenza de Mari Luz Montes, viúva de Chano Piñeiro, a actriz Uxía Blanco e o actor Miquel Insua. Modera: Ana Cermeño.**Proxección de *Mamasunción***.

**12,30 PM.** Baixo de Carlos.

**Masterclass "Subtitulado e accesibilidade"**, co profesor Pablo Romero-Fresco e o cineasta Alfonso Zarauza.

**Novas lecturas sobre o subtitulado a partir do caso do filme *Ons***, con imaxes de avance do novo filme de Alfonso Zarauza.
Modera: Alfonso Pato.

**16,30 PM.** Parque do Río. **Encontro curtametraxistas Novas Camadas**.

**17,30 PM. Proxeción sección NOVAS CAMADAS**. Baixo de Carlos.

**20,00 PM. Homenaxe ó Can de Pedra**. Descuberta do traxe do can.

**20,30 PM. Colocación dos Chimpíns no Muro dos Chimpíns.**

**21,00 PM**. N**oite dos veciños** no **Espazo Estrella Galicia da Leira do Río**. Presentación do documental "A Canteira de Cans", Coordinado por Juanma Lodo, do proxecto Cans 303. Presentación xurado veciñas e veciños. Actuación grupo AcordeCans.

# XOVES 3 de SETEMBRO

**10.30 AM.** Baixo de Carlos.
**Mesa PROXECTA: "Festivais e territorio"**, con Luis Sousa Ferreira, programador de Ílhavo (Portugal), June Laka (Bélxica), Ángel Sánchez (Play-Doc). Modera: Alfonso Pato.

**12,30 horas**. Baixo de Carlos.
**Coloquios Fundación AISGE: "Intérpretes por azar"**, con Benedicta Sánchez e Amador Arias, protagonistas do filme ***O que Arde*** de Óliver Laxe. Modera: Ana Cermeño.

**17,00 horas**.
**Proxección: *Arima* de Jaione Camborda**. Coa presenza da directora e da actriz protagonista Melania Cruz.

**17,30 horas**. Traseira do Centro Cultural
LENDOCINE. (Literatura e cinema). Con Manane Rodríguez, Iria Misa, Antón Reixa, Farruco Bernal e Fernando Redondo Neira.

**19,00 horas**. Parque Infantil (fronte Quinta Avenida)
**Saída dos chimpíns**. Ata CRC.
Acompañados polo Grupo de Gaitas de San Xurxo de Mosende.

**19,30 horas**. Círculo Recreativo Cultural.
Apertura oficial do festival. Proxección do filme ***A illa das Mentiras*** de Paula Cons. Coa presenza da directora e do equipo da película.

**21,30 horas**. Traseira do Centro Cultural.
Concurso de videoclips.

**23,00 horas**. Traseira do Centro Cultural..
Actuación musical BABYKATZE. Estrea mundial do seu novo videoclip ***Pantera***.

# Programa

## VENRES 4 de SETEMBRO

**10 AM.** Baixo de Carlos.
**Café con CREA**. Encontro coa montadora, directora e videoartista **Julia Juániz**.

**10,30 AM**. Saída do Torreiro de Cans.
**Roteiro cinéfilo-literario** co escritor **Carlos Meixide**.

**12 M.** Baixo de Carlos.
**Coloquios Fundación AISGE. Coloquio " Dobraxe, a interpretación invisible"**. Con Monti Castiñeiras, Ana Santos e Xerardo Couto.

**13,30 PM**. Baixo de Carlos.
**A que Andas**. Con Rubén Coca, Andrés Sanjurjo, Manane Rodríguez, Anxos Fazáns, Ángel Filgueira e Ángel Santos.

**16,30 PM**. Baixo de Carlos.
**Fillxs de Cans**. Con Hugo Amoedo, Alfonso Zarauza, Xabier Bermúdez, Chelo Loureiro e César Souto.

**18,30 PM**. Baixo de Carlos.
**Estrea documental *Emma Pino*** de Area Erina. Coa presenza da directora e do actor Antonio Durán "Morris".

**20 PM**. Baixo de Carlos.
**Sección Directrices.**

**21 PM**. Estrella Galicia da Leira do Río
**Concerto AMARO FERREIRO.**

**22,15 PM**. Do Torreiro ata o Espazo Estrella Galicia da Leira do Río.
**Procesión dos chimpíns.**

**22,30 PM**. Espazo Estrella Galicia da Leira do Río.
**Noite das Homenaxes** + **Estrea documental, *Cans 16* de Isaura Docamp** + **Presentación xurado**, xurado dos veciños, entrega premios clips, entrega chimpíns de prata a Mariana Fernández, Merchi Sánchez, Creus e Carrasco. Entrega Premio Pedigree: Manane Rodríguez.

# SÁBADO 5 de SETEMBRO

**10 AM.** Saída da Rotonda do Can.
**Roteiro Sonoro con Xurxo Souto.** Camiños da aldea.

**10 AM**.
**Inicio Proxecións a Concurso. Sesión matinal.** Baixo de Mari, Baixo de Bugarín, Baixo de Alfonso, Cuberto de Chelo.
**Sesión Furacáns** Baixo de Carlos.

**12 M**. Espazo Estrella Galicia da Leira do Río
**Coloquio con OLIVER LAXE .**

**13,30 PM**. **Inicio segunda sesión matinal.**
Baixo de Mari, Baixo de Bugarín, Baixo de Alfonso, Cuberto de Chelo.
**Inicio ExtraCans.** Baixo de Carlos.

**15,30 PM.** Desde Casa de Rafa e Paz a Espazo Estrella Galicia da Leira do Río.
Procesión de chimpibuses.

**16 PM**
**- Sesión de tarde**. Inicio das proxecións.
- **Inicio Furacáns.** Sesión de Tarde

**17 PM**. Cuberto de Antonio.
Actuación infantil. Baobab Teatro: "Puño Puñete".

**17,30 PM.** Espazo Estrella Galicia da Leira do Río.
Encontro Curtametraxistas Dalle Caña. Ficción, Animación, Furacáns, ExtraCans.

**19,30 PM**. Cuberto de Antonio
**Contacontos** "Polo Correo do Vento". Story-board contado Chano Piñeiro.
**Segunda sesión proxecións de tarde.**
**Sesión ExtraCans. Baixo de Carlos.**

**21,30 PM.** Espazo Estrella Galicia da Leira do Río
**HENDRIK RÖVER Y LOS MÍTICOS GTS** en concerto.

**23 PM**. Espazo Estrella Galicia da Leira do Río.
**Gala final entrega de Premios.**

# Sección Oficial

## FICCIÓN E ANIMACIÓN. BLOQUE 1.

MARE
**2020 | 7' 48 " | Sen diálogos | Estrea en Galicia | Fantástico / Experimental.**

**Dirección, guión, fotografía** e **montaxe**: Guille Vázquez. **Produtor**: Guille Vázquez. **Deseño de produción**: Carmen Triñanes. **Son**: Gabriel Fernández. **Música**: Javier Fajardo. **Elenco**: Ede e Hugo Aja.

**Vai de**: Unha moza busca a alguén que entrou na súa casa cando intentaba durmir, aínda entre o soño e a vixilia. Baseado no cadro The Nightmare, de Henry Fuseli. **O detalle**: A curta foi seleccionada na competición oficial do Festival de Málaga. A protagonista, Ede, compaxina a interpretación coa música e colabora con artistas como Xoel López.




MENTRES ISO PASA
**2020 | 8' | España | Galego | Estrea mundial**

**Dirección e guión**: Nacho Ozores. **Produción**: Nacho Ozores. **Fotografía**: Lucía C. Pan. **Son**: Xavier Souto. **Música**: Luis Álvarez. **Montaxe**: Nacho Ozores. **Elenco**: Denís Gómez.

**Vai de**: Nico é un mozo con teimas e compulsións que lle privan de facer unha vida normal. Precisa que pase ese inferno na súa cabeza, pero hoxe volveu chegar tarde a un adestramento. Por sorte, hai alguén que o pode axudar. **O detalle**: Segunda curta deste director que o pasado ano debutou en Cans con O que medra por dentro, Premio ao Mellor actor para o protagonista Jaime Olías.




SEASON (Animación)
**2019 | 7' | Francia | Sen diálogos | Estrea en Galicia**

**Dirección e guión**: Giovanna Lopalco. **Produción**: Pascaline Saillant e Giovanna Lopalco. Son: Andrea Martignoni. **Montaxe**: Lorenzo Latrofa. **Animación**: Dalia Rovazzani e Giulia Landi.

**Vai de**: Tres misteriosos homes vestidos de branco acompañan unha muller nunha estraña procesión. Logo de soterrar un ameazante niño de avésporas, a muller queda soa a velar o lugar. Esa paisaxe escura agocha un universo biolóxico en perpetuo movemento que transformará para sempre o corpo da protagonista. **O detalle**: Prometedor debut na animación desta italiana residente desde hai anos na Coruña. Levou o Premio Animario Praza Río, organizado por Matadero Madrid.

## XOVES DE COMADRES

**2019 | 19' | España | Galego | Estrea en Galicia**

Dirección e guión: **Noemi Chantada**. Produtora: Islandia Producciones Produción: Alexandre Cancelo Axudante de dirección e montaxe: Óscar Pardo Fotografía: Paula Pez Xefe de son: Daniel Fernández Música: Su Garrido Pombo, Grupo As Áureas, Xiada. Elenco: Aurora Maestre e Noelia Castro.

**Vai de**: O mundo de Aurora era coma un formigueiro vacío, ata que chegou un grilo, para revolucionar a súa soidade. **O detalle:** A realizadora Noemi Chantada, varias veces a competición en Cans, chega cunha curta seleccionada a concurso no Festival de Málaga.




## BLACKS OR WHITES

**2019 | 11' 35" | Reino Unido | Inglés con subtítulos | Estrea en España**

**Dirección e guión**: Anita Pico. **Produtores**: Aakash Meshram e Anita Pico. **Fotografía**: Zoya Chung. **Son**: Anton Arenko, Dan Jones e Kelsey Rushworth. **Música**: Ross Baillie-Eames. **Montaxe**: Anita Pico. **Elenco**: Sara Galvin e Matthew Marcelis.

**Vai de**: Jerry é levado a unha sala branca para sometelo a un interrogatorio que comeza cunha estrana partida de xadrez. Segundo o tempo avanza, Jerry entende que ten moito que perder. **O detalle**: A coruñesa Anita Pico graduouse con esta curta na University Creative Arts. Este ano foi seleccionada pola BBC no programa New Creatives para novos talentos.

## 16 DE DECEMBRO

**2019 | 13' 51" | España | Galego e español**

**Dirección e guión**: Álvaro Gago. **Produción**: Mireia Graell e Álvaro Gago. **Fotografía**: Lucía C. Pan. **Son**: Xavier Souto. **Música**: Xavier Bértolo. **Montaxe**: Ricardo Saraiva. **Elenco**: Cris Iglesias, Javier Valcarce.

**Vai de**: Sábado á noitiña. O balón móvese rápido dun extremo a outro. Lucía sae de adestrar a balonmán e vai buscar o seu irmán en moto baixo as luces dunha cidade que cre coñecer. **O detalle**: Gañador do noso festival en dúas edicións, Álvaro Gago regresa este ano a Cans cunha curta estreada no Festival de Locarno que xa obtivo xa máis de dez premios internacionais.

## EL GRAN CORELLI (Animación)

**2019 | 7' 42" | España | Español | Estrea en Galicia**

**Dirección**: Abel Carbajal. **Guión**: Abel Carbajal e David Gascón. **Produtora**: ESCAC Films. **Fotografía**: Àlvar Riu. **Música**: Fernando Furones. **Montaxe**: Abel Carbajal.

**Vai de**: O gran Corelli é un novo e exitoso mago. Na actuación máis importante da súa vida, comete un erro na execución do número que lle deu máis sona. Ese inesperado fracaso marca o seu futuro. **O detalle**: Este director da Estrada, é unha gran promesa da animación. Traballa habitualmente en Laika Studios, en Portland (EE. UU.), unha das factorías de stop motion máis importantes do mundo. Curta estreada na última edición do Festival de Sitges.

# Sección Oficial

## FICCIÓN E ANIMACIÓN. BLOQUE 2.

### CONTE TRENCAT

**2020 | 17'54" España | Catalán e español, con subtítulos | Estrea en Galicia**

**Dirección e guión**: Miguel Gago Caamaño. **Produción**: Mireia Graell. **Fotografía**: Alex Pizzigallo. **Son**: Pablo Gregorio. **Música**: Mario G. Cortizo. **Montaxe**: Álvaro Gago e Miguel Gago. **Elenco**: Duna Molera, Rosalía Omil, Òscar Rabadán, Pol Fernández, Dafnis Balduz e Pol Nubiala

**Vai de**: Perseguindo ao seu curmán Salvador, a pequena Luci cae no feitizo dun bosque que a protexerá para que poida escapar dun enfrontamento entre a Guardia Civil e un grupo de maquis comandados por unha misteriosa muller. **O detalle**: Ópera prima do arousán Miguel Gago. Estivo a concurso no Medina Film Fest. Coproducida polo seu curmán Álvaro Gago, co que curiosamente compite por primeira vez nun festival.

### PAPÁ, POR QUÉ QUITAS A MÚSICA?

**2020 | 11' | España | Galego | Estrea mundial**

**Dirección e guión**: Ariadna Cordal. **Fotografía**: Andrea Alonso. **Son**: Juan Garrido. **Música**: Dani Cornes. **Montaxe**: Andrea Alonso. **Elenco**: Víctor Mosqueira, Manuel Estévez e Olga González.

**Vai de**: Por mor dunha situación económica adversa, un pai perde o traballo e cae nunha depresión. Cando a relación coa súa familia vai a peor, a muller e o fillo intentan axudalo. **O detalle**: Por segunda vez, unha obra desta realizadora cambadesa é seleccionada no Festival de Cans. Esta curta chega despois de que Ariadna avanzase na súa formación como cineasta no Eckerd College de Florida (EE.UU.).

### REALITY

**2020 | 8' | España | Español | Estrea mundial**

**Dirección, guión, produción, animación, dirección de arte, montaxe, música, son e dobraxe**: David Fidalgo Omil. **Técnica**: Animación en acrílico.

**Vai de**: Tomando como punto de partida momentos de actualidade relevantes dos anos 2019 e 2020, Reality é unha reflexión crítica e irónica sobre os programas da chamada "telerrealidade". **O detalle**: Despois de ser finalista dos Goya á mellor curta de animación con Homomaquia, Mención Especial do Xurado en Cans, David Fidalgo volve ao noso festival para presentar, en estrea mundial, a súa curta máis nova.

## BALADAS DE AMOR E MORTE

**2019 | 19' | España | Galego | Estrea en Galicia**

**Dirección** e **guión**: Iria Ares. **Produción**: Xoán Carlos Mejuto e Iria Ares. **Fotografía**: Fernando Jover. **Son**: Xavier Olite. **Música**: Manu Conde. **Montaxe**: Marino García. **Elenco**: Iria Ares, Xoán Carlos Mejuto e Manuel Lourenzo (*narrador*).

**Vai de**: Unha homenaxe ao cine de Orson Welles e Á dramaturxia de Roberto Vidal Bolaño. Unha historia romántica cunha única protagonista: a morte. Conta a lenda que o último día do ano, cando soan as 12 badaladas de medianoite, acoden ao cemiterio as almas dos que van morrer ao ano seguinte. Serás ti un deles? **O detalle**: Iria Ares volve ser finalista en Cans, por segunda vez. A curta competiu na sección oficial do Medina Film Fest.

## TODO EL MUNDO SE PARECE DE LEJOS

**2019 | 15' ' | España | Españo | Estrea en Galicia**

**Dirección**: Rafa de los Arcos. **Produción**: Olga Garriga. **Guión**: Rafa de los Arcos e Marçal Cebrian. **Fotografía**: Agnès Piqué Corbera. **Son**: Cristian Subirà. **Música**: Rafa de los Arcos. **Montaxe**: Rafa de los Arcos. **Elenco**: Bruna Cusí, Pep Ambròs, Dolores Santiago, Xantal Gabarró, Marina Font

**Vai de**: Celia volveu ao barrio. Non sabe moi ben que pasou, nin como, para que todo fose á merda en tan pouco tempo. Pero non renuncia a recuperar a su vida como sexa. **O detalle**: Este realizador vigués estreou a súa curta na competición da última Seminci de Valladolid. Protagonizada por Bruna Cusí, Goya á mellor actriz polo filme Verano 1993, de Carla Simón.

## HIJOS DEL CUERDO

**2020 | 6' | España | Español | Muda con rótulos en castelán | Estrea mundial**

**Dirección, guión, fotografía, son** e **montaxe**: Borja Santomé Rodríguez.

**Vai de**: A través de dous personaxes e a súa viaxe ás montañas, cóntase un estraño intento de conexión coa natureza que remata na confusión, mergullándonos nun calidoscopio de imaxes e experiencias oníricas que falan do desexo de fuxir da vida urbana. **O detalle**: Con El reloj, Borja Santomé ganou en 2018 en Cans o Premio do Xurado á Mellor Curta de Animación. Nesta edición do festival estrea a súa nova obra, creada despois dunha estadía en París.

# Sección Oficial

## FURACANS

### USOS E COSTUMES

**2020 | 14' 11" | España | Sen diálogos | Estrea mundial**



**Dirección**: Iria Silvosa.

**Vai de**: Unhas cadelas coñécense mentres un home mira o mar e decátase de que o observan. Unha nena achégase ao mar e invoca as ondas; outra soterra a súa nai. Unha muller fai probas para un selfie e tamén repara en que a gravan. Unha nai fotografía o seu fillo malia a inquedanza deste. Outra muller corre de costas tentando captar a inmensidade da auga. O sol fai do ceo un degradado. A lúa aparece. **O detalle**: Despois do seu paso por Cans en 2016, Iria Silvosa volve ao festival para estrear esta curta rodada en Mini Dv.



### 1 DE 8000

**2019 | 8' 36" | España | Galego e castelán**

**Dirección** e **guión**: Marta Valverde.

Vai de: Papá traballa nunha fábrica montando pezas de motores de coche. Exactamente, 8000 pezas diarias. Papá non acaba de entender que fai a súa filla cunha cámara, pero sabe que, ao final, o que queren son máis pezas. O detalle: Por segundo ano consecutivo, Marta Valverde é finalista da sección Furacáns. A curta pasou pola última edición de Curtocircuíto.

### DA MORTE NACE A VIDA

**2019 | 12' 55" | España | Galego | Estrea mundial en festivais**

**Dirección, guión, montaxe** e **produción**: Adrián Canoura. **Música**: Abakuá - Guerrera.

**Vai de**: A película circula por un arame de misticismo, coa lúa e o lume como elementos evocadores, a raíz do ritual que prepara Urxa, no que a través da morte nace a vida. **O detalle**: Adrián Canoura, integrante da parte audiovisual do grupo Baiuca, pertence a unha nova xeración de interesantes cineastas galegos. Nos últimos anos gañou premios en festivais como Filmadrid.

## PAISAJE Y PAISANAJE
**2020 | 9' 30" | España | Castelán | Estrea mundial**

**Dirección, guión e fotografía**: Javier Álvarez.

**Vai de:** Unha mirada a algúns dos personaxes e locais máis populares do barrio madrileño de Malasaña, como El Palentino, Casa Camacho ou Casa Crespo. Un retrato singular sobre os últimos espazos dunha estirpe en proceso de extinción. **O detalle**: O compostelán Javi Álvarez tamén forma parte de bandas como Fluzo. En Cans será a primeira vez que unha das súas obras compita na sección oficial dun festival.

## CARTOGRAFÍA DO ESQUECEMENTO
**2019 | 8' 53" | España | Galego e castelán**

**Dirección, guión** e **fotografía**: Ariadna Silva Fernández. **Son directo** e **música**: Manuel García Vicente.

**Vai de**: Cartografía do esquecemento é unha reflexión sobre a dexeneración progresiva dos bosques autóctonos galegos e de como iso afecta á memoria e identidade colectivas. A invasión do eucalipto provoca unha profanación dos territorios sacros dos celtas, aqueles bosques nos que os carballos e os castiñeiros son lugares de conexión co alén. **O detalle**: A curta forma parte dun proxecto artístico onde a cineasta e fotógrafa estradense reflexiona sobre a desaparición do bosque autóctono galego.

**Vai de**: Celia volveu ao barrio. Non sabe moi ben que pasou, nin como, para que todo fose á merda en tan pouco tempo. Pero non renuncia a recuperar a su vida como sexa. **O detalle**: Este realizador vigués estreou a súa curta na competición da última Seminci de Valladolid. Protagonizada por Bruna Cusí, Goya á mellor actriz polo filme Verano 1993, de Carla Simón.

## NOTAS SOBRE A HABITABILIDADE EN A BARCA
**2020 | 16' 54" | España | Galego e castelán | Estrea mundial**

**Rexistro e edición**: Pablo Paloma. **Produción de campo**: Paloma Hernández. **Son directo:** Andrés Fernández-Albalat.

**Vai de**: Notas sobre a habitabilidade en A Barca nace da utopía dun espazo cinematográfico no rural galego, e xoga coa hipótese da habitabilidade nunha aldea abandoada e castigada polo despoboamento. **O detalle**: Primeiro filme de investigación do **Colectivo Cinema Semente**, xurdido do seu traballo na Elías Querejeta Zine Eskola.

## UN LUGAR BAJO EL SOL
**2019 | 4' 55" | España | Muda | Estrea mundial**

**Dirección, fotografía e montaxe**: David Outón Quintáns

**Vai de**: Baixo o sol sempre poden xurdir moitos instantes fermosos, e moito máis se son rexistrados desde a mirada libre e lúdica dunha cámara. O **detalle**: Con este documental rodado en Portonovo e a súa contorna, é a primeira vez que David Outón concursa nun festival.

# Sección Oficial

## NOVAS CAMADAS. Premio Deleite.

### TRALA PORTA

**2019 | 19' | España | Galego e castelán**

**Dirección**: Alejandro Rodríguez. **Guión** e **música**: Dani Cornes. **Xefe de produción**: Fabián Gómez. **Produtora**: Samurai Films. **Fotografía**: Pedro Tizón. **Deseño de son**: Marco Maril. **Montaxe**: Andrea Alonso. **Elenco**: Lidia Veiga, Fran Nogueira, Fran Paredes, María Costas, Miro Magariños, Fernando Rivas, David Sanmarco.

**Vai de:** Lázaro e Chloé afrontan unha realidade común a moitas persoas na que, tanto por influencia familiar como pola presión social, vense subxugados a vivir unha vida que non lles pertence. Pero ata onde chega a súa liberdade? **O detalle**: A curta pasou polo Festival Santo Domingo Out-Fest, na República Dominicana.



### NA MEMORIA DA TÚA ESPOSA

**2019 | 7' | España | Galego**

**Dirección**: Cris Yáñez. **Dirección de produción**: Paula Iglesias. **Guión**: Cris Yáñez e Pablo Barciela. **Fotografía**: Pedro Vilas. **Son**: David Lomba. **Montaxe**: Salomé Trujillo. **Elenco**: Mela Casal, Mariana Moral.

**Vai de**: Adela é unha muller de setenta e un años que vive nun pobo abandonado do rural galego. A maxia do lugar envolve a poboación vella, que se atopa illada por completo do mundo exterior. **O detalle**: Primeira curta da directora de Valdeorras, Na memoria da túa esposa é unha reflexión sobre o despoboamento, o envellecemento e a soidade.

### NORTE

**2019 | 17' | España | Galego | Estrea mundial**




**Dirección** e **guión**: Daniel Arana. **Produción**: Nazareth Feijoó. **Fotografía**: María R. Arias. **Son**: Kevin Carvalho. **Música**: Daniel Arana & John Dowland (s. XVI). **Montaxe**: Andrea Alonso e Daniel Arana. **Elenco**: Fernando Rivas, Inés Silva, María Romano, Deusa Pérez, Dimitri Cidrás, Lúa Marinello, Laura Llauder, Sarra.

Vai de: Unha muller atopa un home desorientado e lévao a unha abadía. Entre soños e sucesos, o home descubrirá misterios acerca de si mesmo e do que o rodea. O detalle: Norte, proxecto de fin de grao, foi a primeira curta de Arana como director e guionista.

**ONDE DORMEN AS GAIVOTAS**
**2020 | 11' 43" | España | Galego**

Dirección, guión, son e BSO: **Dani Cornes**. Produción: Né Ogando. Fotografía: Adán Cordeiro. Montaxe: Ariadna Cordal. Elenco: Lidia Veiga (máis a voz de Yago Durán).

**Vai de**: Nun futuro afectado polo cambio climático, a bióloga Amelia chega a un arquipélago nunha tarefa de recoñecemento. Illada do mundo, a súa única compaña é a voz de Control no seu oído. Todo vai ben, pero o tempo pasa, as tensións medran e comezan as discusións. **O detalle**: A curta recibiu o Premio Desafío Audiovisual Illas Cíes, lugar onde se rodou.

**TODA ASPEREZA**
**2019 | 18' | España | Sen diálogos | Estrea mundial**

**Dirección**, **guión** e **montaxe**: Pablo Aguilar. **Produción**: Ana Campos **Fotografía**: Clara Alonso. **Xefe** de **son**: Roberto Alonso. **Música**: Underclock. **Elenco**: David Carbó.

**Vai de**: Un mozo entra nunha estación de tranvía abandonada e percorre un camiño polos seus recordos e emocións, enfrontándose ao tempo e a perda. Unha busca do eu dentro da ruína: unha historia de negación, ira, dor e aceptación. **O detalle**: Curta rodada polo debutante Pablo Aguilar, que se está a formar como cineasta en Berlín.

# Sección Oficial

## VIDEOCLIPS

## A CONCURSO

**OS AMIGOS DOS MÚSICOS**
As Crónicas
**Dirixe: Rubén Domínguez.**

**TANXUGUEIRAS**
Perfidia
**Dirixe: Trece Amarillo**

**MOUNQUP.**
The Threat
**Dirixe: Camille Heulin.**

**PRESUMIDO**
Soñar a la carta (Verano)
**Dirixe: Paco Serén.**

**SONDARÚA**
Éxodo
**Dirixe: Adrián González.**

**GUADI GALEGO**
Balada de verán
**Dirixe: Carlos Lago.**

**LESUIT**
**La noche**
**Dirixe: Xaime Miranda.**

**MUNDO PRESTIGIO**
Mundo Nuno.
**Dirixe: Fer Areal.**

**AMARO FERREIRO**
Ángeles Fósiles.
**Dirixe: Borja Santomé.**

**ELEFANTES MUTILADOS**
Where is Jim?
**Dirixe: Andreia Táboas.**

**BAIUCA & CARLANGAS**
Fisterra.
**Dirixe: Adrián Canoura.**

**KILLER BARBIES**
Peligro.
**Dirixe: Gero Costas.**

**BOYANKA KOSTOVA**
Tenia.
**Dirixe: Rubén Domínguez.**

**RABUDA**
El novelista
**Dirixe: Víctor Rivas.**

**TERBUTALINA**
Muinheira de Costa
**Dirixe: Rubén Domínguez**

20
20

# A XUNTA DE GALICIA
# cos festivais galegos do audiovisual

XUNTA DE GALICIA  Xacobeo 2021  galicia

**MICE Mostra Internacional de Cinema Etnográfico. Santiago de Compostela,** 25-29 agosto
**Festival de Cans. O Porriño,** 2-5 setembro
**Vía XIV Festival Internacional de Curtas de Verín,** 5-13 setembro
**FICBUEU. Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu,** 11-19 setembro
**Festival Primavera do Cine en Vigo,** 15-20 setembro
**Play-Doc International Film Festival. Tui,** 23-27 setembro
**(S8) Mostra de Cinema Periférico. A Coruña,** 27 setembro-3 outubro
**Curtocircuíto Festival Internacional de Cine. Santiago de Compostela,** 3-11 outubro
**Festival de Cine Inclusivo de Vigo,** 13-17 outubro
**GFFF Galician Freaky Film Festival. Vigo,** 28-31 outubro
**Carballo Interplay,** 18-21 novembro
**Semana de Cine de Lugo,** 23-28 novembro
**Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra,** 15-20 decembro

Certames subvencionados pola Xunta de Galicia.
Convocatoria de axudas a festivais do sector audiovisual de 2020

Fotograma de *A illa das mentiras,* da directora Paula Cons, película de apertura do Festival de Cans

# Seccións Paralelas

## EXTRACANS

### TO THE SEA

**2019 | Suíza | 30' | Sen diálogos | Drama | Estrea en Galicia**




**Dirección** e **guión**: Julian M. Grünthal.
**Vai de**: María, a viúva dun pescador desaparecido no mar anos atrás, non atopa a paz interior. Pero un día, logo dunha tormenta, ve o seu home aboiando no mar... vivo. O seu profundo desexo de amor lévaa a crer o imposible. **O detalle**: Entre as localizacións da rodaxe están Galdo, a lonxa de Celeiro ou o Monte San Roque (Viveiro), e a praia e a contorna de Morás, en Xove. Nexo galego: A dirección de fotografía asínaa o viveirense Guille Vázquez.

### Carne

**2019 | España / Brasil | 12' 12" | Portugués con subtítulos.**
**Estrea en Galicia**

**Dirección**: Camila Kater.

**Vai de**: Crúa, pouco feita, ao punto, feita e moi feita. A través de relatos íntimos e persoais, cinco mulleres comparten a súas experiencias en relación co corpo, desde a infancia ata a terceira idade. O **detalle:** Mellor curtametraxe europea no Festival de Valladolid - Seminci 2019. Unha das curtas do ano, que suma unha chea de premios internacionais. Nexo galego: A produtora Chelo Loureiro e a compositora Sofía Oriana Infante participaron nesta cinta.

### SEVEN SHARP (As sete en punto)

**2019 | 6' | Reino Unido | Inglés con subtítulos | Drama | Estrea en Galicia**

**Dirección**: Roque Cameselle e Andrew Turner.

**Vai de**: Mentres o seu home lle mete présa para que remate de amañarse, unha muller axexa desde a fiestra da súa habitación a forte discusión dos veciños cos que quedaron para cear. **O detalle**: Seleccionada no Festival Internacional Corto Atlántico de Gijón. Nexo galego: O codirector do filme é o cineasta Roque Cameselle, que reside habitualmente en Gales.

KRESALA
**2017 | España-Bélxica | 14' 52" | Éuscaro subtítulado | Drama | Estrea en Galicia**

**Guión** e **dirección**: June Laka.

**Vai de:** Txiki, de 11 anos, vive nun pobo de mariñeiros. Para escapar da rutina, bota o día na casa do seu avó, un vello pescador que di que ten auga de mar nas veas. Abraiado por esas historias misteriosas, Txiki decide descubrir por si mesmo os segredos do mar. **O detalle**: Vencedor na Sección Oficial de Huhezinema 2020 / Primeiro Premio no Cut to: Gent 2019. Nexo galego: A edición do filme asínaa o realizador e montador Hugo Amoedo.

METAMORPHOSIS -animación-.
**2019 | España-Francia | Cor | 10' 25" | Sen diálogos | Estrea en Galicia**

**Dirección** e **guión**: Carla Pereira e Juanfran Jacinto.

**Vai de**: Con trinta anos, un hombre segue vivindo coa súa nai nuhna relación estrana. Os fantasmas do pasado atorméntano e a idea de que o esforzo que fai para adaptarse á normalidade é en van gana forza cada día que pasa. Todo está destinado a se torcer nalgún momento, a única pregunta é cando. **O detalle**: Premiada nos festivais Fano Film, Shorts México e Craft Animfest. Nexo galego: A coruñesa Sonia Iglesias formou parte do equipo de animación da curta.

# Sección Paralelas

## DIRECTRICES

### MALCAVADA
**2019 | 15' | España | Galego, portugués e español | Estrea mundial**




**Dirección** e **guión**: Antonio Mourelos.
**Vai de** Catro mulleres xúntanse todos os veráns para pasar uns días nunha adega da Ribeira Sacra, propiedade dunha delas. Alí comparten confidencias e segredos, pero este verán vai ser especial. Unha nova inesperada fará que cuestionen a súa amizade e poñerá en perigo as relacións entre todas. **O detalle**: Segunda incursión na dirección do actor Antonio Mourelos.

### VIDA CONFINADA
**2020 | 9' 27" | España | Galego e español**



**Dirección, guión, fotografía** e **montaxe**: Marta Larralde.
**Vai de**: Unha historia familiar durante o recente confinamento. **O detalle**: A actriz e realizadora Marta Larralde aproveitou estes meses que tocou quedar na casa pola crise sanitaria da COVID-19 para facer unha nova incursión como realizadora..

### EL JEFE
2019 | 16' 40'' | España | Castelán

**Dirección**: Ozo Perozo e Fernando Tato.
**Vai de**: Rosa e Félix chegan ao seu primeiro día de traballo nunha grande multinacional. Cando descobren que optan ao mesmo posto comeza unha guerra psicolóxica. **O detalle**: O actor Fernando Tato, que ten asinado tamén proxectos como realizador, é o codirector de El jefe, xunto con Ozo Perozo.

# Longametraxes

## A ILLA DAS MENTIRAS

**2020 | 1 h. 33 m. | España, Arxentina, Portugal | Galego e español**
**[Estrea en salas de cine]**

**Dirección**: Paula Cons.
**Guión**: Paula Cons e Luis Marías.
**Produción**: Agallas Films / Aleph Media / ETB / Historias del Tío Luis / INCAA / ICAA / Ibermedia / TVE / Televisión de Galicia.
**Elenco**: Nerea Barros, Aitor Luna, Darío Grandinetti, Victoria Teijeiro, Ana Oca, María Costas, Milo Taboada, Celso Bugallo, Machi Salgado, Leire Berrocal, Javier Tolosa, Sergio Quintana, Miguel Borines, Roberto Leal, Ana Santos, Mela Casal.
**Montaxe**: Julia Juániz.
**Fotografía**: Aitor Mantxola.
**Música**: Sebastián Escofet.
**Son**: Javier Stavropulos.
**Dirección de arte**: Antonio Pereira.
**Dirección de produción**: Lucía Baleato.

**Vai de**: 2 de xaneiro de 1921. O Santa Isabel, un barco de vapor que se dirixe a Buenos Aires con 260 emigrantes, afúndese fronte á costa de Sálvora nunha noite de brétema espesa. María, Josefa e Cipriana, tres veciñas da illa, deciden botar unha gamela e conseguen salvar a 50 persoas. Ao pouco, un xornalista arxentino viaxa a Sálvora para cubrir a noticia e descobre que o acontecido podería ser máis que unha casualidade.
O detalle: O filme, debut na ficción da cineasta Paula Cons, foi seleccionado para o Festival Internacional de Shanghai (SIFF), un dos máis importantes do mundo.
Coa presenza da directora e do equipo da película

**Xoves 3 | 19.30 h. | Círculo Recreativo e Cultural do Porriño |**
Aforo: 100 persoas, con preinscrición

**Coa presenza da directora e do equipo da película**

# Longametraxes

**ARIMA**
**2019 | 77' | España | Galego | Drama**



**Dirección e guión:** Jaione Camborda.
**Produtora:** Esnatu Zinema.
**Produtores executivos:** Jaione Camborda, Carlos M. Carbonell e Alfonso Zarauza.
**Fotografía:** Alberte Branco.
**Arte: María Lolo.**
**Montaxe**: Marcos Flórez.
**Son directo**: Javier Pato.
**Deseño de son**: David Machado e Juan Carlos Blancas.
**Elenco**: Melania Cruz, Nagore Arias, Rosa Puga Davila, Iria Parada, Tito Asorey, Mabel Rivera.

**Sinopse**: A vida de catro mulleres e de unha nena vese alterada pola chegada inesperada de dous forasteiros. Un deles foxe do outro, agochándose no pobo como un ser fuxidío, fantasmagórico. O outro, un home ferido e armado, perturbará de diferente xeito a vida das mulleres. A historia móvese na fronteira entre o real e o imaxinado, entre o pesadelo e o soño, entre o medo e o desexo.

**Premios**: Festival de Cine de Sevilla: premio á mellor dirección na sección Nueva Olas / Márgenes: premio á mellor película na sección Escáner / Festival de cine de Gijón: Premio WIP Push Play Proyect.

**Coa presenza da directora e da actriz Melania Cruz**

**Xoves 3 | 17 h. | Círculo Recreativo e Cultural do Porriño | Aforo: 100 persoas (con retirada de entrada e preinscrición).**

# Longametraxes

**ENMA**
**2019 | 46' 49" | Galicia / España | Galego e español.**
**Documental | Estrea en festivais**

**Dirección**: Area Erina.
**Participan**: María Armesto, Julián Hernández, Manolo Romón, Charo Pino, Alberto Conde, Lluís Cabrera, Nicolás Pastoriza, María Costas, Uxía Senlle, Sergio Castro, Alberto Avendaño, Menchu Lamas, Antón Patiño, Xosé Luís Méndez Ferrín, Pilar Comesaña, Elvira Pontevedra, Asun Blanco, Anxos Sumai, José Nóvoa Pino, Antonio Durán "Morris", Tania Reixa Pino, Daniela Rodríguez Reixa.
**Produción**: María Armesto (MITCFC "Mulleres en Acción) e Area Erina
**Música**: Enma Pino, Bromea o qué, Bloody Mary, Uxía Senlle, Os Frangos

**Sinopse**: Interesante, sentido e emocionate retrato de Emma Pino (Tui 1958- Vigo 2014), pianista, compositora, activista cultural, colaboradora de Rompente e do Grupo Atlántica, membro tamén de formacións musicais como Bromea o qué, Bombeiros Voluntarios, Bloody Mary ou Os Frangos.

**Venres 4 | 18.30 h. | Baixo de Carlos | Aforo: 50 persoas, con preinscrición**
**Coa presenza da directora e do actor Antonio Durán, Morris**

# Coloquios AISGE

## Chano Piñeiro, descubridor de actrices e actores
Mércores 2 | 11 h. | Baixo de Carlos

Dentro dos encontros organizados coa Fundación AISGE lembraremos a figura do director e guionista Chano Piñeiro finado hai 25 anos.
Coa presenza de Mari Luz Montes, viúva de Chano Piñeiro, da actriz Uxía Blanco e do actor Miquel Insua. Proxectarase o filme máis emblemático de Piñeiro, Mamasunción.

Iso Zarauza ofrecerannos novas lecturas sobre o proceso do subtitulado a partir do caso da última cinta de Zarauza, Ons, da que avanzaremos algunhas imaxes.



## Intérpretes por azar
**Xoves 3 | 12.30 h. | Baixo de Carlos**

Chegaron o cine por casualidade e alcanzaron a fama cando xa non agardaban nada. Falaremos con Benedicta Sánchez e Amador Arias, protagonistas da película O que arde, de Oliver Laxe.

## A dobraxe en Galicia
**Venres 4 | 12 h. | Baixo de Carlos**

A dobraxe naceu en Galicia na década de 1980. Reflexionaremos neste coloquio sobre un sector que busca nas plataformas dixitais un novo mercado. Con Monti Castiñeiras, Ana Santos e Xerardo Couto.

## Masterclass Subtitulado e accesibilidade
**Exemplo práctico do filme Ons, de Alfonso Zarauza**
**Mércores 2 | 12.30 h. | Baixo de Carlos**

O profesor Pablo Romero-Fresco e o cineasta Alfonso Zarauza ofrecerannos novas lecturas sobre o proceso do subtitulado a partir do caso da última cinta de Zarauza, *Ons*, da que avanzaremos algunhas imaxes.

# Coloquios e encontros

## COLOQUIO NA LEIRA CON OLIVER LAXE

**Sábado 5 ás 12 h.**
**Espazo Estrella Galicia da Leira do Río |**

O director Oliver Laxe (París, 1982) será este ano o protagonista do Coloquio na Leira, no mediodía do sábado. A súa mirada é unha das máis celebradas nos últimos anos no cinema europeo. Laxe estreouse na longametraxe en 2010 con *Todos vós sodes capitáns*, galardoada na Quincena de Realizadores do Festival de Cannes co Premio de la Crítica Internacional. *Mimosas*, o seu segundo filme, gañou o Gran Premio da Semana da Crítica do Festival de Cannes 2016. En 2019, con *O que arde*, obtivo o Premio do Xurado na Sección Oficial - Unha Certa Mirada, converténdose no primeiro cineasta español, xunto a Víctor Erice, en ser seleccionado en Cannes cos súas tres primeiras obras e o único en gañar en todas as súas participacións. En Cans falará de cine, pero tamén do seu novo proxecto para promover un gran espazo cultural vinculado ao cinema nunha zona rural dos Ancares, idea que enlaza con moitas das bases do Festival de Cans.



## CAFÉ CON CREA. JULIA JUÁNIZ.

**Venres ás | 10 h. Baixo de Carlos.**

O Festival de Cans acolle un novo encontro en colaboración con CREA, a Asociación Galega de Profesionais da Dirección e da Realización. Nesta edición acompañaranos a directora e montadora Julia Juániz.

A navarra Julia Juániz foi a montadora de máis de 50 longametraxes e infinidade de curtametraxes. Traballou con directores históricos coma Basilio Martín Patino, Víctor Erice ou Carlos Saura, con quen montou 8 películas, entre elas *Goya en Burdeos*, polq que obtivo unha nominación aos Goya. En 2005 levou o Premio do Círculo de Críticos Cinematográficos pola montaxe de *El cielo gira*, de Mercedes Álvarez.

Tamén videoartista, traballa habitualmente con celuloide pintado a man. Ten dado clases en varias universidades. É membro da Academia Española de Cine e da Academia de Cine Europeo. En 201, recibiu, no marco do Festival de San Sebastián, o Premio Zinemira, pola súa traxectoria.

# Coloquios e encontros

## MESA PROXECTA

**Festivais e territorio**

**Encontro con June Laka, Luis Sousa Ferreira e Ángel Sánchez**

**Xoves 3 |10.30 h. | Baixo de Carlos**

Proxecta, a Coordinadora Galega de Festivais de Cinema, impulsa esta mesa, que nesta edición leva o nome de **Festivais e territorio** e na que participaran **Luis Sousa Ferreira**, programador de Ílhavo (Portugal), **June Laka** (Bélxica) e **Ángel Sánchez** (Play-Doc).

**Masterclass**

## SUBTITULADO E ACCESIBILIDADE

**Exemplo práctico do filme Ons, de Alfonso Zarauza**

**Mércores 2 | 12.30 h. | Baixo de Carlos |**

O profesor **Pablo Romero-Fresco** e o cineasta **Alfonso Zarauza** ofrecerannos novas lecturas sobre o proceso do subtitulado a partir do caso da última cinta de Zarauza, Ons, da que avanzaremos algunhas imaxes.

# Homenaxe a Chano Piñeiro

O Festival de Cans non podía pasar por alto este ano a **conmemoración do 25 aniversario do falecemento de Chano Piñeiro**.

Nado en Forcarei en 1954, Piñeiro é un dos pais do cinema galego contemporáneo e un realizador chave para que exista un cinema en lingua galega. Filmes coma **Sempre Xonxa** ou curtametraxes como **Mamasunción** forman parte da memoria cinéfila de todas as galegas e galegos, nos que Chano deixou unha fonda pegada.

En Cans queremos lembrar en 2020 a un cineasta inesquecible a través de varias actividades transversais que se desenvolverán ao longo de todo o certame; desde a homenaxe que o festival tributa ao cineasta no cartel desta edición, coa figura de fondo da bicicleta voadora de Caladiño, unha das súas personaxes icónicas, pasando pola inauguración dunha rúa efémera na súa memoria, un coloquio, proxeccións e actividades para nenas e nenos.



## Inauguración da Rúa Efémera Chano Piñeiro
Mércores 3. 10.30 h. Casa de Boente.

Descuberta da placa Rúa Chano Piñeiro. A rúa estará presente durante todo o festival e posteriormente volverá recuperarse cada ano nos días nos que se celebre o certame.

## Coloquio AISGE. Chano Piñeiro, descubridor de actrices e actores.
Mércores 3. 11 h. Baixo de Carlos

Coa presenza da actriz Uxía Blanco e do actor Miquel Insua, protagonistas do filme Sempre Xonxa, e de Mari Luz Montes, viúva de Chano Piñeiro.

## Proxección de Mamasunción
Mércores 3 | 11.45 h. | Baixo de Carlos

Unha anciá que vive nunha remota aldea, acode durante 40 anos á oficina de correos a ver se ten carta do seu fillo emigrado.

## Contacontos ilustrado
Sábado 5 | 19.30 h. | Cuberto de Antonio

Nenas e nenos escoitarán unha historia narrada mentres trazan o storyboard dun filme. Aprenderán as técnicas de realización dunha película e os tipos de planos que existen no cine. Despois farán un obradoiro de debuxo. Contacontos ilustrado corre a cargo de Polo Correo do Vento, un colectivo especializado en actividades lúdicas que promove a lectura, a creatividade e a comprensión oral en galego.

# Lendo Cine





**Xoves 3 | 17.30 h | Traseira do Centro Cultural**

No seu intento por explorar a estreita vía entre o cinema e a escrita, o Festival de Cans propón, por segundo ano, a actividade **LendoCine**, un espazo no que se darán a coñecer libros recentemente publicados nos que o cine é protagonista ou escenario, ofrecendo así unha panorámica do que se está a editar dentro e fóra de Galicia. En LendoCine atoparemos traballos de investigación, obras adaptadas á pantalla, novelas de pouso cinematográfico ou memorias de profesionais da interpretación.

Presentarán os seus libros, ou os que os teñen como protagonistas, o profesor da USC e presidente da Fundación Neira Vilas **Fernando Redondo Neira**, a produtora e realizadora **Manane Rodríguez** co director **Xabier Bermúdez**, a escritora **Iria Misa**, o poeta, músico e director de cine **Antón Reixa** e o humorista e actor **Farruco Bernal**.



## LIBROS

**Os amorodos de Bergman**, de **Fernando Redondo Neira** (Galaxia, 2019).
**Manane Rodríguez, voz en libertad**, de **Antonio Peláez** (Éride Ediciones, 2018).
**Mamá, quero ser Ziggy Stardust**, de **Iria Misa** (Xerais, 2018).
**Eles e máis eu**. Compostelaneando, de **X.L. Bernal López, *Farruco*** (Galaxia, 2020).
**Melancoholemia**. Vida de Mamarracho, de **Antón Reixa** (Ed. Kalandraka, 2020).

# Encontros 'Dalle caña'!

Nos encontros Dálle caña! xuntamos aos realizadores e realizadoras das categorías a competición e doutras seccións para compartir unha cervexa de **Estrella Galicia** e falar co público sobre as súas creacións nun contexto ameno e distendido.

**Mércores 2 | 16.30 h. | Parque do Río**
Encontro cos curtametraxistas da categorías 'Novas Camadas'.

**Sábado 5 | 17.30 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río**
Encontro cos curtametraxistas das categorías 'Ficción', 'FuraCans' e 'ExtraCans'.

# A qué andas?

Unha das preguntas que máis se fai dentro do audiovisual para saber que proxectos se están pechando é: "A que andas?" Nesta sección traemos, en colaboración coa Asociación Sindical Galega de Guionistas, os guións dalgúns dos filmes que se rodarán proximamente. Un pequeno encontro no que redimensionar o valor da palabra, dos guións e da labor dos guionistas.

**Coa presenza de Rubén Coca, Andrés Sanjurjo, Manane Rodríguez, Anxos Fazáns, Ángel Filgueira e Ángel Santos.**

## DETRÁS DA LUZ

Dirección e guión: **Ruben Coca**. Produtora: Xamalú FilmesCoca P.C.




**Vai de**: O relato dos medos dos habitantes dun pobo perdido flúe en clave simbólica entre a beleza e o terror, coa construción de secuencias que suxiren por si mesmas imaxes e inquietantes atmosferas. **Estado**: En fase de desenvolvemento en busca de financiamento e produtora **O detalle**: Primeiro guión de longametraxe de Rubén Coca, avalado polo I Premio de Guión en Galego que concede a Asociación Galega de Guionistas (AGAG)..

## TO REDIGIT

Dirección: **Hugo Amoedo**..

**Vai de**: Un estudio de dixitalización de arquivos visuais a escala industrial. Trátase de "A fábrica máis moderna do mundo", onde os operarios traballan felices. Nese estudio, un operador recibe un lote de casetes que están a dar problemas para seres dixitalizados, todos cunha etiqueta: "To redigit". Estado: En fase de rodaxe **O detalle**: O redondelán foi vencedor en 2018 da sección 'Furacáns' coa curta Europa. Este é o seu debut na longametraxe.

**Coa presenza de Hugo Amoedo.**

## LAS ESCLAVAS DE LA CASA SALVAÑACH

Dirección: **Manane Rodríguez.**

**Vai de**: A vida de Mariquita,escrava da Casa Salvañach, volveuse un inferno. Un día si e outro tamén recibe malos tratos de Celedonia, a súa patroa. Fuxir dese lugar e desa situación é para Mariquita unha cuestión de vida ou morte. **Estado**: En desenvolvemento. **O detalle**: Las esclavas de la casa Salvañach será o quinto filme de Manane Rodríguez, Premio Pedigree en Cans 2020.

## AS LIÑAS DESCONTINUAS

Dirección e guión: **Anxos Fazáns.**

**Vai de**: Denís é un rapaz trans de 25 anos en busca de traballo e independencia. Bea é unha muller de 50 anos que acaba de iniciar o seu divorcio. Coñécense nunha situación estraña e violenta e, malia o improbable da circunstancia, xorde entre eles unha atracción inmediata. As liñas descontinuas son o que permite pisar a raia, saírse do camiño para adiantar ou cambiar de dirección. **Estado**: Escritura de guión. O **detalle**: Segunda longa logo do seu debut con A estación violenta (2017), a pontevedresa Anxos Fazáns é ben coñecida no Festival de Cans, onde participou coas curtas *Direcciones* e *Nacer*.

## CANDO TOCO UN ANIMAL

Dirección e guión: **Ángel Filgueira.**

**Vai de**: Ana e Raquel son parella. Cando coñecen a Pablo, a súa relación comeza a cambiar. A forza do desexo abre a relación de dous a esta nova persoa que penetra irreversiblemente. E do contacto pel contra pel nace unha conexión única onde as fronteiras se disolven. Tres persoas unidas pola atracción, un triángulo de corpos, intencións e vibracións. O poliamor, as novas sexualidades e as novas formas de relacionarse da xeración millenial. **Estado**: Financiamento. **O detalle**: O pontevedrés Ángel Filgueira estrou en Cans 2018 a súa primeira longametraxe, o documental *Sevilla y Gomorra*.

## ASÍ CHEGOU A NOITE

Dirección e guión: **Ángel Santos.**

**Vai de**: O filme parte dun escultor na trintena que establece un proxecto de residencia artística nunha zona rural da costa galega co obxectivo de dinamizar a vida cultural da súa contorna, ao tempo que procura reconectarse coa necesidade do seu propio traballo artístico. Progresivamente, vaise desvinculando das súas relacións anteriores, illándose e abandonando todo contacto con amigos e familiares. Así chegou a noite é un filme sobre a identidade e a súa fraxilidade. O que cremos ser, o que desexariamos ser: esa incerteza será o principal terreo de investigación da cinta. **Estado**: En desenvolvemento en busca de coproducións **O detalle**: Coa súa anterior longametraxe de ficción, Las altas presiones (2014), Ángel Santos obtivo o premio Nueve Olas no Festival de Sevilla..

.

# Seccións Paralelas

## FILLAS E FILLOS DE CANS

**Esta sección é unha das máis emocionantes e esperadas, na que as realizadoras e realizadores agasallan ao público cos primeiros minutos inéditos das súas películas que pronto comezarán o seu periplo por salas e festivais.**

### OLVIDO E LEÓN

Dirección e guión: **Xabier Bermúdez**. Produtora: Xamalú Filmes.

**Vai de**: Dezaseis anos despois de León e Olvido, Xabier Bermúdez recupera as vidas dos personaxes interpretados por Marta Larralde e Guillém Jiménez. Olvido aceptou que o seu mal non é o seu irmán xemelgo, León, quen padece síndrome de Down. Podería abandonalo, pero está convencida de que esa doenza son, realidade, os seus poderes. **Estado**: Rematada; pendente de comezar percorrido por festivais **O detalle**: Secuela do filme León e Olvido, co que Bermúdez acadou ata 12 galardóns internacionais en festivais como Karlovy Vary ou o Premio Especial do xurado no Festival de Málaga en 2004.

**Coa presenza de Xabier Bermúdez e Manane Rodríguez, produtora.**

### VALENTINA

Dirección: **Chelo Loureiro**.

**Vai de**: O soño dunha nena con síndrome de Down, Valentina, é ser trapecista. Só a súa avoa cre nela, pero un día a avoa desaparece sen despedirse e Valentina embárcase nunha aventura cos seus amigos para atopala. **Estado**: En fase de posprodución final. **O detalle**: O pasado ano poidemos coñecer na sección 'A que andas?' a última versión do guión de Valentina, co que Chelo Loureiro debuta na dirección. Gravou o tema musical con grandes voces galegas en pleno confinamento.

**Coa presenza de Chelo Loureiro.**

### ALÉN MAR

Dirección e guión: **Andrés Sanjurjo**. Produción: Acariño Filmes.

**Vai de**: Unha historia que se rodará entre Galicia e a illa chilena de Chiloé, onde o estilo de vida sinxela e os traballos mancomunados transportan ao autor ata a Galicia rural do pasado. **Estado**: Fase final de montaxe. **O detalle**: Despois de traballar como auxiliar de dirección de Oliver Laxe en O que arde, Sanjurjo inicia o voo en solitario desde a súa produtora.

# Seccións Paralelas

## FILLAS E FILLOS DE CANS

**OS DÍAS CALADOS DO SEÑOR STEVENS**
Dirección: **César Souto.**

**Vai de**: A poesía de Wallace Stevens, premio Pulitzer de Literatura en 1955, é o fío conductor da longametraxe. Rodada en Hartford e Nova York, os lugares onde viviu e traballou o poeta estadounidense, retrata a súa vida interior e establece un diálogo dos seus poemas co mundo actual. **Estado**: En posprodución. **O detalle**: César Souto codirixiu, con Luis Avilés Baquero, Os días afogados (2015), documental candidato en sete categorías nos premios Goya.

**Coa presenza de César Souto e o produtor Daniel Froiz.**

**ONS**
Dirección e guión: **Alfonso Zarauza.**

**Vai de**: Logo dunha profunda depresión pola morte dunha paciente no quirófano, un doutor chega a canda a súa muller a Ons coa intención de pasar o verán e recuperarse para así poder volver ao traballo e aclarar o futuro do matrimonio. Tito vaise sentindo cada vez mellor ata que, tras un naufraxio en metade dun temporal, unha misteriosa visitante con amnesia aparece na illa e irrompe nas vidas dos protagonistas para que nada volva ser o que era. Xénero: Drama **Estado**: Rematada; agardando comezar percorrido por festivais **O detalle**: Quinta longametraxe do compostelán Alfonso Zarauza, quen nesta ocasión filma unha película arriscada e moi diferente de toda a súa obra anterior.

**Coa presenza de Alfonso Zarauza e a actriz Melania Cruz.**
.

# Cans Participa

## PROXECTO CANS 303

**Mércores 2 | 21 h. | Espazo Estrella da Leira do Río |**

Presentación do documental **Buscando a canteira de Cans**, coordinado por **Juanma LoDo**, do **Proxecto Cans 303**, que naceu co obxectivo de rescatar a memoria dos veciños e veciñas da aldea de Cans, para que se implicasen na tarefa de creación dunha peza audiovisual.
E remataremos a xornada coa actuación do grupo AcordeCans.




### BUSCANDO A CANTEIRA DE CANS
2020 | 15' | Galego

Dirección: **Juanma LoDo**
Participantes: Divina Cid, Maruja da Pedreira, Celso Fernández, Mela do Souto, Chelo da Pedreira, Tonio do Souto, Maruja e Mucha do Peso, Antonio Gonzalez, Alfonso Pato, Pilar e Lino da Graña, Fermina da Graña, Grabriel de Cenlle, Juan Maceira. Realizada polos alumnos do Curso de Cine de Cans "Cans303" tutelados por Juanma LoDo.

**Vai de**: Peza documental que recupera a memoria da canteira de Cans, lugar esquecido do que non queda máis que un buraco no monte na zona coñecida como "A Pedreira".



## ROTEIROS
### Roteiro literario con Carlos Meixide
**Venres 4 | 10.30 h. | Saída do Torreiro de Cans**

O escritor Carlos Meixide acompáñanos aos recunchos menos coñecidos da parroquia, onde transcorre Cans, a súa popular novela de aventuras adolescentes. Meixide ofrece unha mirada curiosa a través dos seus protagonistas.

### CANSONORO
### Roteiro musical con Xurxo Souto
**Sábado 5 | 10 h. | Saída da Rotonda do Can**

Como xa é tradición no Festival de Cans, Xurxo Souto, escritor e cantante dos Diplomáticos de Montealto, acompañado polos acordeonistas de AcordeCans, guiará un paseo no que repasará a historia e tradición musical da aldea de Cans. Esta ruta é accesible para cadeiras de rodas e carros de bebé.

## CINE E GASTRONOMÍA
### Kike Piñeiro

O cociñeiro Kike Piñeiro estará a cargo da cociña para as persoas convidadas ao Festival de Cans. Piñeiro é o chef do restaurante compostelán A Horta d'Obradoiro, un espazo caracterizado por unha sutil renovación da cociña e o emprego de produtos tradicionais, como sempre, produtos Galicia Calidade. Un xeito de saborear o cine.

# Música

## Hendrik Rover y los Míticos GTs

**Sábado 5 | 21.30 h.**
**Espazo Estrella Galicia da Leira do Río**

Fóra dos proxectos cos históricos Del Tonos, **Hendrik Rover** comezou unha interesante traxectoria en paralelo. Recorreu ao dous vellos amigos, Goyo Chiquito (contrabaixo e coros) e Toño López Baños (batería e percusións), para formar Los Míticos GT's, cos que gravou Incluye futuros clásicos (2014), o directo Live en La Burbuja (2015) e o tamén dobre Fetén/Fatal (2015).



## Amaro Ferreiro

**Venres 4 | 21.00 h.**
**Espazo Estrella Galicia da Leira do Río**

Só co título do seu novo álbum, *Personajes secundarios*, é fácil facerse unha idea da importancia que o cinema e a arte de contar historias teñen na música de Amaro Ferreiro. Vémolo en Desesperadamente, tema principal de Litus, película dirixida por Dani de la Orden, ou en Homicidio involuntario, case unha canción documental na que se critica tanto ao anterior xefe do estado español como a Valtonyc.

Así, unha sorte de escolma de cortos con forma de cancións, será o repertorio que interpretará wn Cans. "O mundo é dos secundarios", asegura o artista. "Que sería de De Niro sen Pesci, do Quixote sen Sancho ou de Coltrane sen Monk?". Por aí van os tiros.

## Babykatze

**Mércores 2 | 21.00 h.**
**Espazo Estrella Galicia da Leira do Río**

**BABYKATZE** estreará o seu vídeo Pantera e ofrecerá un concerto no que entrelazará imaxe e música para crear un personaxe etéreo e sorprendente, cunha mensaxe de carácter universal. Poderemos compartir unha viaxe a un mundo onírico tecido con capas electrónicas, sintes e samplers onde se mesturan ritmos contundentes cunha voz máxica..

# Exposicións




**Exposición "Fuera de escena" de Sebastián Cocucci e Rubén de Marina**
**Inauguración o martes 1 | 20 horas | Traseira do Centro Cultural | Aberta ata 30 de setembro de 10 a 14 horas**

"Fuera de escena" está creada por un escritor, Rubén de Marina, e un fotógrafo, Sebastián Cocucci, á procura dunha expresión: a que debuxaría o teu rostro se vises a morte de fronte. Poñen esa cara 16 actores e actrices que, desta volta, van sen ficción a por ela; entre eles, Luis Tosar, Itziar Castro, Óscar Jaenada e Yolanda Ramos. A mostra estivo exposta en Matadero Madrid durante o mes de abril de 2019 e en Clorofila iDgital en octubre do mesmo ano.

Inclúe visita guiada, ás 20.30 horas, seguida dunha actuación da cantante porriñesa Noemí Fernández.

## Exposición O Bichero
**Camiño do Parque do Río | Aberta o venres 4 e sábado 5 todo o día**

Cada ano, **Luis Davila, o Bichero**, honra ó Festival de Cans cunha viñeta no xornal Faro de Vigo. En varias edicións, Davila tamén nos cedeu algún debuxo orixinal para publicar no o Canzine ou mesmo deseños para estampar camisetas. Todo seu traballo de humor gráfico foise recompilando para reunilo nesta exposición que xa se converteu nun clásico do noso festival. Temas como o cine, o mundo rural e sabiduría popular son as chaves do enorme éxito do Bichero.

.

## PROXECTO SENTA
**Camiños da aldea | Aberta o venres 4 e sábado 5 todo o día**

Na última edición de Cans, o arquitecto Juan Creus, profesor tamén da ETSAC (Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña), coordinou coas súas alumnas e alumnos un proxecto para recuperar todos os espazos da aldea onde a xente tiña o costume de sentar a descansar. Desde pedras improvisadas á beira das fincas de labranza ata bancos feitos con refugallos debaixo de árbores, pasando por vellos bancos á beira da igrexa ou onde houbo en tempos algún bar: todos eses lugares de repouso conectan co feito de sentar e contemplar, do mesmo xeito que o fai un espectador nunha sala de cine. Este ano, coa irrupción da Covid-19, cómpre revisitar esas zonas de repouso e reflexionar sobre o seu uso aplicando as novas normas de distanciamento social. Porque, na nova normalidade, parece que xa nin o acougo pode ser como era antes.

# MiniCans

## Puño Puñete: música, cantigas e historias con Baobab Teatro

**Sábado 5 | 17 h. | Cuberto de Antonio**

Puño Puñete é un espectáculo de música en directo, cantigas e historias para namorar a alma. Convidamos á rapazada e a mamás e a papás a descubrir un mundo de sensacións e emocións co que gozar dunha divertida tarde en familia.
Recomendado para nenas e nenos de 1 a 8 anos.
Duración: 45 minutos.



## Contacontos ilustrado sobre Chano Piñeiro con Polo Correo do Vento

**Sábado 5 | 19.30 h. | Cuberto de Antonio**

Un proxecto para nenas e nenas creado en exclusiva para a celebración do 25º cabodano de Chano Piñeiro. Os contadores de Polo Correo do Vento narraranlle á cativada a vida e as claves da obra do creador de Forcarei. Explicarano a través dun formato absolutamente cinematográfico: debuxos feitos a semellanza dos que se empregan na preparación das películas para deseñar as imaxes: os denominados story boards. Este tipo de traballos serven de guía durante a rodaxe, así que as pequenas pequenos que asistan a esta actividade poderán coñecer como é esta ferramenta tan atractiva, ademais de achegarse ao cine de Chano.
.

# Información de Utilidade

## Acceso restrinxido a persoas con entradas ou rexistradas

**Este ano só poderán acceder ás actividades do Festival de Cans as persoas que mercasen a entrada ou se acreditasen para as actividades de balde na nosa web.**

## BUSES

O bus ten 4 **paradas**:

1. **O Porriño Centro** (Avda. Antonio Palacios, na outra beira da Cafetería nova Maroma).

2. **Instituto/Hotel Internacional** (para os que aparquen no Pavillón do Porriño).

3. **Restaurante Guanabara**.

4. **Cans** (rotonda de adroza, na estatua do Can).

**Horarios**: Venres: De 16:00 h. a 00:30 horas. Sábado: De 09:00 h. a 13:00 horas. De 14:00 h. a 18:00 horas. De 20:00 h. a 00:30 horas.

Haberá un bus de 50 prazas e un microbús para persoas con minusvalías. Prezo: 1euro ida e volta. [só para persoas con entrada ou con localizador de reserva.]

## ONDE APARCAR

En Cans hai pouco espazo para aparcar e, como norma xeral, durante os días do Festival recomendamos subir dende O Porriño nos buses que habilita a organización.

Na vila temos **dúas zonas de aparcamento**:

1. **Parking do Pavillón Polideportivo do Porriño**, ubicado a 500 metros da saída 305 da autovía e a 10 minutos de Cans.

2. **Parking Restaurante Guanabara**, ubicado a 800 metros da saída 305 da autovía e a 5 minutos de Cans.


## Departamento de Comunicación

**Pancho R. Tristán**

**panchotristan@orestescomunica.com**

**festivaldecans@gmail.com**

festival®
de cans